

A transición da alfabetización en Galicia (1860-1930).

*Blanca Martínez Domínguez
Universidade de Vigo*

RESUMEN:A transición da alfabetización alude a un proceso de difusión a grande escala do compoñente moderno da alfabetización, a escritura, e dende unha perspectiva económica, fai referencia á necesidade de acadar un umbral ou un stock relativo de alfabetización, para o conxunto da poboación, en torno a un 40%, considerado polos historiadores económicos como necesario, anque insuficiente, para afrontar un proceso de desenvolvemento económico sostido. A recente historiografía económica e histórica pon de releve a importancia da alfabetización nos procesos de modernización económica e social, sendo considerada como o indicador máis básico do capital humano. Esta investigación pretende achegarse dende un enfoque rexional e en perspectiva comparativa á difusión e transición da alfabetización en Galicia e constata-lo retraso do rexión galega na transición da alfabetización dentro do marco estatal e cantábrico.

ABSTRACT:The transition of literacy involves a large scale process of diffusion of the modern interpretation of literacy, i.e. writing, and from an economic perspective refers to the need to reach a threshold or relative stock level of literacy for the population as a whole at around a 40%, considered necessary, although insufficient, by economic historians to confront a sustained process of economic development. Recent economic historiography and history emphasize the importance of literacy in the processes of economic and social modernization, as it is considered to be the most basic indicator of human capital. This investigation aims to describe the diffusion and transition of literacy in Galicia, from a regional point of view using a comparative perspective, and to explain the delay in the transition of literacy in the region of Galicia within the national and Cantabrian framework.

A alfabetización constitúe o indicador máis básico do capital humano. O valor económico do capital humano ten sido contemplado dende os clásicos, considerándose o precursor inmediato da “economía da educación” A. Marshall. Dende mediados do século XX, a educación introduxose nas análises económicas como obxecto sistemático de estudo, alumeándose dúas liñas de investigación teóricas na década dos sesenta, a primeira, da man do grande economista norteamericano T. Schultz (1961), proxenitor do concepto de capital humano, e a segunda, a teoría do capital humano de Gary Becker (1983).

Para Schultz os recursos destinados a mellora-la capacidade productiva do factor humano a través da adquisición de habilidades e coñecementos constitue unha inversión, establecendo que os gastos destinados á formación de capital humano son a súa vez gastos de consumo e de inversión. A teoría beckeriana sostén que as diferencias nos niveis educativos teñen efectos na distribución da renda. A contribución da educación ó desenvolvemento económico sistematízase a través dunha función de produción agregada e un dos métodos

máis utilizados é o dos factores residuais. A validez histórica dos enfoques netamente productivistas é vulnerable e en todo caso non se pode establecer unha relación de causa e efecto entre a educación e a renda. Nos anos setenta e oitenta, as formalizacións empíricas fanse máis sofisticadas, detectase un certo abandono das análises a long prazo e, a partires dos oitenta acentúase a perspectiva comparativa entre distintos países.

Cinguíndonos a historiografía da alfabetización e da súa relación co desenvolvemento económico en España, as primeiras aportacións prodúcense no ecuador da década dos cincuenta cando aparece publicada pola Junta Nacional contra el Analfabetismo a obra *Causas y remedios del analfabetismo en España* (1955). As análises de Guzmán Reina, Gil Carretero e Rodríguez Garrido, e de Alfredo Cerrolaza, afondaban na multiplicidade causal do analfabetismo, sendo calificado como un “*problema endémico del país*” (Guzmán Reina), xerarquizando a causalidade entre factores primarios ou estruturais (os económicos e os sociais), e factores físico-xeográficos-infraestructurais (os físico-geográficos) (Gil Carretero e Rodríguez Garrido), e correlacionando o analfabetismo cos niveis de renda, facendo especial fincapé na importancia da súa distribución (Cerrolaza). Gabriel Tortella (1990 e 1993) e Clara Eugenia Núñez (1992 e 1993) a comenzos dos anos noventa inician unha liña de investigación contemplando a formación de capital humano en termos de alfabetización e a súa contribución á modernización económica do país, en perspectiva histórica comparada. O traballo de Núñez impactou de forma provocativa entre os historiadores económicos, suscitando cada vez maior interese as análises de capital humano en toda a península. A súa investigación descansa en dúas teorías: a teoría do umbral de C. A. Anderson e M. J. Bowman (1976), e a teoría do capital humano de Lars Sanberg (1982).

Tomando como referencia metodolóxica o exercicio econométrico de Sanberg, Núñez postula unha relación causa-efecto entre a alfabetización como variable independente e a renda como variable dependente. Establece unha análise de regresións simples e múltiples entre as taxas de alfabetización xerais e por sexo poboacional, e o diferencial sexual para os anos censais de 1860, 1877, 1887, 1900, 1910, 1920 e 1930, e a renda por habitante segundo os informes do Banco de Bilbao para os anos de 1955, 1960, 1971 e 1977, ou as estimacións da mesma de Carreras-Álvarez Llano para 1900, 1920, 1930 e 1940. A pesares de que Núñez pretende establecer un efecto directo entre a alfabetización e a renda, a análise dos coeficientes de determinación son pouco concluíntes e moito menos explicativos dos niveis de renda. En definitiva, a análise dos coeficientes define virtualmente un espazo demasiado aberto, dando cabida a interpretacións diametralmente opostas.

As reaccións que provocou a investigación de Núñez nos círculos científicos nacionais sinalan unha relación complexa, multidimensional e pluridireccional entre a alfabetización e o desenvolvemento económico sostido da España contemporánea. As aportacións de Reher (1989, 1993, 1997), Nadal (1999), Palafox (1997), Pérez Moreda (1997), Pascual Doménech (1999), Rosés (1998), etc., poñen en cuestión a idoneidade da alfabetización como indicador dos procesos de cambio económico e, en todo caso, amosan que a vinculación da alfabetización co desenvolvemento económico non é nin automática nin lineal.

Xunto a esta sintética exposición introductoria do enfoque da alfabetización e a súa relación co crecemento económico, non poderíamos obviar outras aportacións historiográficas da alfabetización dende unha perspectiva cultural do país, procedentes de distintas esferas das ciencias sociais. Ata a década dos anos setenta do século XX, a historiografía española mantívose dentro da análise tradicional, considerando o analfabetismo como obxecto sistemático de estudio e definíndoo como unha carencia de instrución básica e/o dunha esco-

larización xeneralizada. En termos históricos comparativos, a obra máis innovadora foi a de Lorenzo Luzuriaga publicada primeiramente en 1919 e ampliada en 1926. Luzuriaga, cuxo cordón umbilical conecta-o cos institucionistas B. Cossío e F. Olóriz, configurou a distribución do analfabetismo a escala provincial e rexional do estado español e cotexou a súa análise con outro país mediterráneo, Italia. Na década dos anos cincuenta, as fontes documentais e os factores causais contemplados como explicativos do baixo nivel de instrución da poboación española diversificáronse. Os traballos de Fernández Ferré (1954), Maíllo (1956) e Bragalut (1959) constitúen algúns exemplos. A partir dos anos oitenta do século XX, a alfabetización pasou a ser contemplada como un proceso con entidade propia, ao marxe da escolarización formal e introducíndose como un factor relevante nos procesos de cambios de mentalidade, políticos, sociais e por suposto económicos: Benassar (1985), Botrel (1987), Viñao Frago (1984a, 1984b, 1985, 1988, 1990), etc.

A historiografía galega dende unha perspectiva histórica e de atraso cultural, fíxose eco de dita innovación historiográfica e introduxo o proceso da alfabetización na súa esfera analítica dende a década dos oitenta. O escenario historiográfico o inaugura a análise realizada por Gelabert (1982 e 1987) sobre o nivel de alfabetización da poboación galega a longo prazo dende o século XVII a 1900, continuando esta liña de investigación os traballos de M. Sanz González (1992) e O. Rey Castelao (1999). As aportacións destas análises baseadas preferentemente nas sinaturas rexistradas en fontes preestatísticas como escrituras de compravendas, testamentos, declaracións nos libros reais, etc., permítenos dispoñer dunha valiosa información do proceso de alfabetización da Galicia do Antigo Réxime.

A nosa análise centrase no desenvolvemento da alfabetización na rexión galega durante a segunda metade do século XIX e o primeiro tercio do século XX. As fontes estatísticas utilizadas son os censos da poboación española, onde figuran os datos de instrución, dos anos censais de 1860, 1877, 1887, 1900, 1910, 1920 e 1930. Temos confeccionado un indicador básico do capital humano en termos de alfabetización, a taxa de alfabetización neta para a poboación maior de dez anos e presentamos as taxas totais e por xénero poboacional. Os conceptos instrumentais que temos elaborado para perfila-lo desenvolvemento do proceso de alfabetización son dous: a transición da alfabetización e o diferencial sexual.

A transición da alfabetización en sentido amplo fai alusión a un proceso de difusión continua e a grande escala do compoñente moderno da alfabetización, a escritura e, en sentido estricto, fai referencia á acumulación dun stock relativo, en termos de taxas de alfabetización para o conxunto da poboación, o cal comeza cando se acada unha taxa de alfabetización en torno a un 40%, considerado polos historiadores económicos como un umbral necesario anque non suficiente para soste-lo proceso de crecemento económico moderno ou como un prerrequisito para que se garanta con certo éxito o desenvolvemento económico sostido. O diferencial sexual, entendido e medido como a diferenza en puntos porcentuais entre as taxas de alfabetización dos varóns e das mulleres, nos remite á asimétrica dotación de capital alfabeto entre a poboación en función do sexo poboacional, e a existencia dunha demanda selectiva en materia de alfabetización. Ó mesmo tempo, o diferencial é un bo indicador do pulso do progreso da transición sendo un compoñente indispensable para determinala conclusión da mesma e por conseguinte acada-la universalidade da alfabetización.

Desde un enfoque rexional e en termos comparativos, a nosa investigación trata de aproximarse á complexidade do proceso transicional galego dentro do contexto estatal, situando a Galicia no marco cantábrico, poñendo en evidencia os legados tradicionais e o proceso de cambio económico que afronta Galicia durante o século XIX e primeiro tercio do século XX,

que inciden no desenvolvemento da alfabetización. A exposición analítica transcurre a través de tres epígrafes básicos: o primeiro denominado a transición da alfabetización, o segundo comprende o desenvolvemento da alfabetización previo a 1860 e o posterior ata 1930, e por último comparamos a transición galega cas transicións das rexións cantábricas.

1. ¿Qué é a transición da alfabetización?

Nas sociedades tradicionais e preindustriais o desenvolvemento da alfabetización e a difusión do compoñente considerado moderno -a escritura- eran de alcance restrinxido, estando a súa evolución estreitamente vinculada á actividade comercial e mercantil, á burocratización da administración estatal e eclesiástica e ó mundo urbano. Nas economías tradicionais a alfabetización lectoescritora xeralmente acadaba un teito dificilmente traspasable (70-80%) e era preferentemente patrimonio da poboación adulta masculina. Antes do século XIX algúns países europeos, máis concretamente os países nórdicos con Suecia á cabeza, tiñan experimentado un proceso de alfabetización extensivo mais exclusivamente lector, auspiciado e controlado pola igrexa protestante. O carácter selectivo da alfabetización tradicional respondía a condicionamentos de distinta natureza que afectaban ao factor humano como os niveis de riqueza, o status social, a condición de sexo da poboación, o asentamento e o hábitat territorial, ben rural ou urbano, concentrado ou disperso, e as ocupacións profesionais (Cipolla, 1970), (Furet e Ozouf, 1977), (Graff, 1979, 1981, 1987a, 1987b), (Johansson, 1973, 1977, 1981).

O tránsito dunha alfabetización lectoescritora restrinxida, sometida a fortes rixideces, cara á universalización, esixía un cambio nas estruturas socioeconómicas, incardinándose dito proceso coa formación dun estado liberal que asume a educación, e neste caso a alfabetización instructiva, como un ben de utilidade pública, sendo considerada un compoñente básico da uniformidade postulada polo estado. A diferenza da alfabetización tradicional, en todos os países europeos, a difusión da escritura estivo estreitamente vinculada coa extensión da escolarización obrigatoria ou coa organización de campañas de alfabetización, xeralmente orientadas á poboación adulta.

Cara a 1860 os stocks de alfabetización, en termos de taxas de alfabetización netas para o conxunto poboacional, repartidas por todo o estado español, facíanse eco dun previo desenvolvemento da alfabetización de distinto alcance a nivel rexional. Tódolos territorios ubicados dende a Meseta cara a o norte e a periferia cantábrica exhibían elevados niveis de alfabetización, coa excepción de Galicia, e unha profunda asimetría na dotación de capital alfabeto entre os homes e as mulleres, salvo o País Vasco, con diferenzas sexuais superiores a 30 puntos porcentuais e que podían acadar mesmo os 60 puntos porcentuais. As rexións ubicadas da Meseta cara a o sur e tódalas rexións mediterráneas exhibían menores taxas de alfabetización e reducíanse enormemente as diferenzas entre os niveis masculinos e femininos, xeralmente por debaixo do diferencial medio estatal. A distribución diferenciada nos stocks de alfabetización de forma simplificada entre un norte alfabeto e un sur analfabeto alertanos dun desenvolvemento da alfabetización polarizado cara a o norte anterior ao proceso de sistematización educativa e da escolarización obrigatoria, que vai ser regulado nesta época de estudio pola Lei Moyano (1857).

A coexistencia de dous modelos de alfabetización de marcadas diferencias non pode explicarse exclusivamente cotexando taxas de alfabetización, ben totais ou por sexo poboacional, e indicadores de desenvolvemento económico (niveis de industrialización, articulación territorial, comportamento de variables demográficas, coeficientes de urbanización, etc.), senon que tamén obedecen a procesos de alfabetización con profundas raíces históricas e de carácter multifactorial.

Na España do setecentos, a partires dos anos 1730/40, rexistrouse un importante incremento da alfabetización, pero tal crecemento se produxo dentro das rixideces estruturais propias dunha sociedade e economía tradicional, incidindo preferentemente na poboación masculina e no ámbito urbano. O aumento da demanda de alfabetización deu lugar á proliferación duns axentes de alfabetización informais nos distintos territorios peninsulares denominados "leccionistas" e en Galicia "escolantes", que eran individuos carentes de todo tipo de formación acreditativa, e non estaban sometidos a ningún tipo de control institucional. Estes "mestres informais" constituían o groso dunha oferta escolar privada, sobre todo no medio rural. A isto habería que engadí-la aparición de establecementos escolares propiamente ditos, considerados como meros feitos illados, ben controlados pola autoridade eclesiástica (escolas monásticas, fundacións eclesiásticas escolares) ou ben procedentes da sociedade civil (fundacións escolares sostidas pola nobreza, ou por emigrantes enriquecidos), a través da expansión que rexistra o movemento fundacional de carácter predominantemente urbano. O movemento da Ilustración non vai favorecer unha difusión extensiva da alfabetización, anque algúns ilustrados como Cabarrús ou Jovellanos foron ferventes partidarios da implantación dun ensino primario extensivo, recoñecendo este último que a utilidade da instrucción estaba en función da súa adecuada distribución.

Nin o ideario dos ilustrados nin os seus plantexamentos educativos-formativos estaban orientados a acadar unha alfabetización extensiva. O rol outorgado á educación no progreso dos sectores económicos, e a realización práctica de tales principios, materializáronse na aparición de establecementos formativos alternativos ás instancias gremiais e corporativistas, onde combinábase a aprendizaxe e o traballo: os "talleres-escuela" e "as fábricas-escuela", nos que se implantou a aprendizaxe da escritura. Nos establecementos dedicados á formación das nenas como as "escuelas de hilazas" estaban ausentes as ensinanzas das técnicas de alfabetización. Para a muller, a instrucción xiraba exclusivamente en torno á educación relixiosa e nas labores propiamente consideradas femininas. Dende este enfoque, o aumento dos niveis de alfabetización foi protagonizado polos

As limitacións existintes para a difusión da escritura quedan reflexadas igualmente nos conflitos de alcance restrinxido entre os partidarios da vella concepción da escritura como mera copia, denominados "palomaristas", e os "anduagistas" defensores dunha simplificación da escritura formal, sometida a normas ortográficas e concibida como instrumento de comunicación (Ruiz Berrio, 1986), (Viñao, 1988).

As limitadas transformacións en materia educativa acontecidas durante o derradeiro tercio do século XVIII foron unha maior flexibilidade teórica por parte da institución eclesiástica, ó abolirse unha norma establecida en 1559, que prohibía a impresión, venda e lectura de libros relixiosos en lingua vulgar, anque a actitude eclesiástica cara a tódolo impreso non se

modificou hasta o ecuador do século XIX, e a ruptura coa transmisión do coñecemento en lingua latina, pasando a ser contemplada a lingua castelá practicamente como o único vehículo de transmisión do coñecemento. No marco do despotismo ilustrado, a ausencia dunha política estatal e eclesiástica proalfabetizadora circunscribe o avance da alfabetización dentro dos parámetros tradicionais, non alterándose substancialmente a distribución xeográfica do século XVIII respecto ós dous séculos anteriores (Reher, 1989). A fins do século XVIII aínda a taxa de escolarización para o agregado estatal da poboación entre os 6 e os 13 anos oscilaba entre o 21% e o 23%, segundo se teña en consideración ou non a infravaloración da poboación no censo de Godoy (Viñao, 1988).

Durante o segundo tercio do século XIX coa aparición da lei de Instrucción primaria de 1838 e o seu Regulamento perfilláronse as condicións básicas, anque insuficientes, para afrontar un proceso de alfabetización extensivo, e os seus principios foron recollidos pola Lei de 1857, máximo expoñente da sistematización educativa en España. O marco regulador propiciou a implantación paulatina dun modelo escolar liberal e o relevo dos heteroxéneos establecementos instructivos tradicionais, pasando a depende-la difusión da alfabetización en grande medida da articulación da política estatal, que no caso do conxunto español se pode calificar de insuficiente. A Estatística escolar de 1908 rexistraba un déficit de escolas primarias públicas respecto ao contemplado pola lei Moyano do orde dun 30%. O ciclo de alfabetización moderno que incorpora o acceso da muller á instrucción alfabetizada completa, establece a escolarización obrigatoria e instaura a escola oficial como o principal axente de alfabetización extensiva e entroniza a transición da alfabetización en sentido amplo.

De 1860 a 1900 rexistrouse un aumento da taxa de alfabetización neta da poboación española en torno a 14 puntos porcentuais, cunha caída do diferencial sexual do 6%, acadándose neste último ano censal un nivel do 43%. É precisamente un umbral entre o 40-50%, segundo Zamagni (1978, 1993), o requirido para posibilitar un proceso de crecemento económico sostido, iniciándose a fins do século XIX, a transición da alfabetización en sentido estrito, proceso que culminaría cando se acadara un umbral entre o 70-80% cun diferencial sexual comprendido entre un 5-10%. O avance que se produxo nos parámetros de alfabetización da poboación española, durante a segunda metade do século XIX, non impideu que a posición de España respecto ós países do seu entorno próximo como Francia e Italia se deteriorara (Martínez Domínguez, 2000).

No desenvolvemento da transición da alfabetización xoga un papel determinante a composición sexual da poboación, exercendo un maior peso naqueles territorios cunha estrutura demográfica a favor do xénero feminino. A duración do proceso transicional e a súa conclusión vai depender en maior medida do retraso e da intensidade do compoñente feminino.

2. O desenvolvemento da alfabetización en Galicia: unha transición inconclusa (1860-1930).

A nosa investigación céntrase na evolución a longo prazo, durante a segunda metade do século XIX e o primeiro tercio do século XX, da alfabetización alfabetizada en lingua castelá, nunha rexión como Galicia, usuaria dunha lingua propia, o galego, cunha poboación de

carácter predominantemente rural, de hábitat disperso, cunha economía centrada no sector primario (agropecuaria e pesqueira), de baixa produtividade, cun baixo grao de división do traballo, que require unha intensiva aportación descontínua e puntual do factor humano que constitúe en se mesmo un dos factores de produción máis significativos, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo. É precisamente o aumento na dotación formativa do capital humano galego a longo prazo un dos indicadores máis dinámicos do proceso de cambio económico que afronta a rexión galega a partir da década de 1830/40.

As fontes censais expostas previamente constitúen a única fonte global de carácter estadístico que determina a cronoloxía do estudo e permite achegarnos ó nivel de alfabetización da poboación galega., se ben o que se gaña en xeneralidade se perde en certeza, xa que a atribución dunha persoa como alfabetada ou analfabetada ten, por unha parte, un sesgo valorativo subxectivo, e por outra parte, ambas categorías integran un contido conceptual nun tempo e nun espazo histórico concreto.

Na cronoloxía na que traballamos (1860-1930) e nun país como España, a acepción de analfabeto fai referencia a aquela persoa que non sabe ler. Tendo en consideración o carácter da principal fonte de estudo e a acepción histórica temos incluído o compoñente lector, aínda sabendo que o axente de cambio e de modernización é a escritura vinculada á configuración dunha sociedade e dunha economía cada vez máis formalizada. En ausencia dunha tradición lectora na sociedade española -a diferenza por exemplo da sociedade sueca- e dada a carencia dunha aprendizaxe simultánea do binomio lectura/escritura, a difusión da lectura anque non fose tan relevante non foi desprezable, e nalgúns rexións como Galicia de elevado índice de analfabetismo feminino, a extensión da habilidade lectora é un síntoma de cambio gradual nunha sociedade tan tradicional como a galega. A compoñente lectora ten maior peso relativo entre a poboación feminina, aumentando en termos porcentuais durante a segunda metade do século XIX, e isto debe de tomarse como un indicio de ruptura cun mundo onde predominaba a tradición oral, que comenzaba a estar en condicións de contactar coa letra manuscrita ou impresa. A asunción do carácter de autoatribución que comporta a consideración de alfabeto na información censal, e que esta é a cotío, como sinalaba Bragalut (1959), asociada á condición de saber sinalar, levóume a considerar como alfabetos á poboación lectora e á lectoescritora.

As taxas de alfabetización neta que presento ten sido calculadas para a poboación de feito total e por sexo que supera a idade de dez anos. A información censal dos anos dende 1887 a 1930 contén os datos de instrución cruzados coa idade, mais, para os anos censais de 1860 e 1877 que carecen de dita información, recurrín a estimar a poboación adulta e o número de alfabetos totais e por xénero poboacional aplicando o método de regresión lineal. Con iste exercicio soamente pretendo dispoñer duns datos estimados meramente indicativos. Cada curva de regresión tense estimado por separado, en relación ó número total de alfabetos e ó número total de varóns e mulleres alfabetos/as, de ahí que o valor numérico do total de alfabetizados non corresponde coa suma dos valores de cada un dos sexos. De todas as maneiras, teño contrastado que isto non afecta os valores relativos.

2.1. Unha aproximación á alfabetización anterior a 1860.

Cara a 1860 a poboación galega exhibía unha taxa de alfabetización neta da orde do 23% cunha profunda diferenza entre os niveis dos varóns e as mulleres que raiaba o 40%. O número de alfabetos sextuplicaba ó de mulleres alfabetizadas. Tanto en valores relativos como absolutos, a superioridade do varón fronte á muller está a indicarnos que nos enfrenamos a un proceso de alfabetización moi dilatado no tempo e cun tipo de crecemento dentro dos marcos tradicionais.

Rastrexar e indagar como se ten desenvolvido o proceso de alfabetización e as súas fases expansivas na Galicia do Antigo Réxime é unha labor titánica. A dispoñibilidade dalgunhas investigacións baseadas principalmente na documentación de carácter fiscal, notarial, e censoal onde figuran os rexistros de sinaturas, posibilita achegarse á tendencia nos niveis de sinaturas ó longo do século XVIII. Os traballos máis xerais son os de Gelabert, Rey Castelao e Sanz. Estas análises constatan un aumento moderado na utilización da sinatura por parte da poboación masculina, durante o século XVIII, pero tal crecemento non foi uniforme, rexistrándose grandes diferenzas entre o mundo urbano e o seu hínterland, e o mundo rural litoral e interior, en función das distintas estruturas sociais e o seu grao de articulación económica. Ó mesmo tempo constatase a existencia dunha polarización en cadanseu dos ámbitos en función do nivel de riqueza.

Xunto ó incremento rexistrado nos niveis de sinaturas, de diferente alcance e intensidade no mundo urbano e rural, outros indicadores instructivos nos aportan indicios dunha expansión da oferta escolar na Galicia do Antigo réxime e nas primeiras décadas do século XIX. Un deses indicadores está constituído pola dinámica de creación das escolas de fundación, que confirma dita expansión.

O movemento fundacional comenza no século XVI pero a súa representatividade foi máis ben escasa ata o século XVIII. A Estatística de primeiro ensino de 1880 recolle un total de 113 escolas de Fundación en Galicia, das cales 80 se crearon entre 1701 e 1860. Nesta época, os anos corenta do século XVIII marcaron o inicio dunha fase expansiva que acadou o seu máximo auge a fins do último tercio do setecentos e que se prolongaría con maior ou menor impulso ata os anos corenta do século XIX (Martínez Domínguez, 2000: 114-115).




Gráfico 1. Escolas de Fundación. Galicia (1701-1860).

A elaboración dun indicador da masa escolar galega anterior á entrada en vigor da lei Moyano (1857) posibilitounos unha aproximación á traxectoria e transición do proceso de alfabetización da sociedade galega dende fins do século XVIII ata mediados do século XIX utilizando datos escolares procedentes de distintas fontes.

Na serie de escolas que elaboramos dende 1797 a 1860 podemos diferenciar dous ciclos escolares. De 1797 a 1830, e coa reserva que nos ofrecen os datos de 1830 procedentes dunha Estatística publicada na Gaceta de Madrid, da que se ignora a súa procedencia e os criterios de elaboración (Gabriel, 1990: 126), pero cun valor considerable polo baleiro de datos existentes, observamos un decrecemento das escolas primarias e un distanciamento respecto á media estatal en termos de densidade escolar (n° de escolas por 1.000 habitantes). En 1797, a rateo estatal de escolas por 1.000 habitantes multiplicaba por 1,8 á rateo galega e en 1830 a multiplicaba por 4,55. Se a esta instantánea fotográfica engadímoslle a dinámica de creación das escolas de fundación, dispoñemos de indicios que apuntan que a partires dos anos vinte do século XIX comenzou unha fase de desaceleración que probablemente chegaría ata os anos corenta. Outras investigacións como a de M. Sanz para a antiga provincia de Pontevedra sinalan a carencia de continuidade nos establecementos escolares, onde soamente o 44% das localidades con escola a mediados do século XVIII seguían a te-la a mediados do século XIX (Sanz, 1992: 235).




Gráfico 2. Escolas Primarias. Galicia (1797-1860).




Gráfico 3. Escolas Primarias. España (1797-1860).

Na década dos anos corenta do século XIX comezou a transición do modelo escolar de Antigo Réxime, predominante ata polo menos a entrada en vigor da lei de Instrucción primaria de 1838, vixente ata a lei Moyano (1857). As evidencias dispoñibles sinalan que en torno ós anos de 1830/40 finaliza un período escolar expansivo que habería comezado cara a mediados do século XVIII. Este punto de inflexión, que reflexan os datos de creación de escolas no primeiro período liberal previo á lei Moyano, sinalaría unha ruptura e ó mesmo tempo unha continuidade ó iniciarse a implantación da rede escolar pública en Galicia cara a mediados da década dos anos corenta do século XIX, nutríndose en grande medida dos antigos establecementos escolares privados dispersos polo mundo rural galego, que engrasarían a oferta escolar pública na súa tipoloxía de escolas incompletas, evidenciando unha continuidade tanto orgánica como didáctica entre as escolas informais de “ferrado” e as mencionadas escolas incompletas (Martínez Domínguez , 2000: 120-123).

O segundo ciclo escolar previo á lei de 1857, abarcaría dende 1845 a 1860, inaugurándose unha espectacular expansión escolar en Galicia, cunha dinámica diverxente respecto a España, sendo os períodos máis expansivos os de 1850-55 e 1855-60, cunha taxa de crecemento acumulativo en Galicia moi superior á española nos mesmos quinquenios. Neste expansivo ciclo escolar, o ritmo de crecemento acumulativo da masa escolar galega foi dun 7,10% namentras que a taxa de crecemento estatal acadou un 1,72%. Outros indicadores do lado da demanda escolar como a taxa de crecemento do alumnado galego respecto ao conxunto español ratifican o mesmo comportamento que se observa na oferta escolar. A taxa de crecemento acumulativo do alumnado galego entre 1845 e 1860 foi do 5,45% fronte al 4,52% do alumnado español.

Períodos	AC	LU	OU	PO	Gal.	Esp.
1845-1850	3,87	3,19	1,09	3,13	2,00	-3,46
1850-1855	31,04	12,35	0,79	13,55	11,20	4,97
1855-1860	5,78	10,15	4,35	-18,70	8,31	3,87
1860-1865	1,45	5,02	-1,45	0,86	0,87	1,97
1865-1870	0,36	2,40	0,58	1,26	0,93	0,39
1870-1875	-0,33	-2,26	0,57	-0,80	-0,47	
1875-1880	0,84	-0,61	3,59	1,09	1,53	0,18*
1880-1885	0,69	5,37	1,04	0,68	1,38	1,18
1885-1889	0,68	7,80	0,70	0,39	1,71	
1889-1894	0,00	0,30	0,21	0,12	0,14	0,26*
1894-1900	0,61	0,21	0,48	0,09	0,38	0,15
1900-1908	0,14	-0,19	0,31	0,49	0,22	-0,24
1908-1921	1,13	3,07	1,53	2,66	1,97	0,76
1921-1932	5,82	6,12	4,72	5,22	5,43	2,64
1845-1900	3,77	3,76	1,07	3,38	2,46	0,88
1900-1932	2,47	3,28	2,31	2,98	2,70	1,15

Fonte: Costa, Gabriel, *Anuarios Estadísticos de España* (elaboración propia).
* Taxas correspondentes ós decenios de 1870-80, e 1885-94.

Cadro 1. Taxas de crecemento acumulativo de Escolas públicas (%).
Provincias galegas, Galicia e España (1845-1932).

2.2. A alfabetización galega de 1860 a 1930: taxas de alfabetización e ritmos de crecemento.

Durante a segunda metade do século XIX, a evolución das taxas de alfabetización netas para o conxunto da poboación galega amosaban unha tendencia ascendente cun ritmo de crecemento superior á media estatal. De 1860 a 1900, a taxa de alfabetización neta total había medrado algo máis de trece puntos porcentuais, acadándose unha tasa a fins do século XIX en torno ó 37%. A pesar do avance nos parámetros de alfabetización, a rexión galega deteriora a súa posición e retrasase respecto ó nivel de alfabetización do conxunto estatal.

A nivel intrarexional o proceso de alfabetización galego amosaba signos de ser bastante homoxéneo, así en 1860 a taxa de alfabetización neta total oscilaba entre o 21,78% da provincia de Ourense, a máis analfabeta e a máis veloz nesta segunda metade de século, e o 25,36% de Pontevedra. De 1860 a 1900, as provincias atlánticas ven relegadas as súas posicións pasando Pontevedra e Coruña a ocupa-la segunda e a cuarta posición na ostentación dos niveis de alfabetización totais, posición que van manter en todo o primeiro tercio do século XX. O inicio da transición da alfabetización en sentido estricto dilatouse hasta a primeira década do século XX, situándose as catro provincias galegas cara a 1910 nuns niveis de alfabetización netos comprendidos entre o 40-50%. O retraso da alfabetización galega en termos comparativos estivo acompañado dun desenvolvemento da alfabetización moi desequilibrado entre os homes e as mulleres.

Nestes corenta anos transcorridos, a caída no diferencial intersexual foi insignificante, inferior a catro puntos porcentuais, e non se sostivo o descenso ao longo do século, así en 1887 situouse ao mesmo nivel que en 1860. A profunda asimetría do proceso de alfabetización galego arraiga nunha estrutura demográfica con precoz tendencia á feminización e ó envellecemento, ambos atributos predicen un baixo nivel de alfabetización. O peso da muller na estrutura demográfica galega medrou durante a segunda metade do século XIX, froito dunha emigración de carácter estrutural, e a pesares da intensidade do crecemento da alfabetización feminina, o baixo nivel do que partía a muller en Galicia e a súa tardía incorporación á alfabetización instructiva descansaban nun comportamento diferencial da demanda da unidade familiar galega en materia de instrución. O baixo nivel da alfabetización feminina e o seu insuficiente avance determinan o retraso da alfabetización galega en termos comparativos.




Gráfico 4. Taxas de crecemento acumulativo anual da taxa de alfabetización. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1930).

Provincia	Anos	Varóns	Mulleres	Total	T.Var.	T.Mull.	T.Total	Dif.T.
Coruña	1860	76579	19528	96133	41,59	7,99	22,43	33,60
	1877	85372	32163	117555	45,35	12,34	26,19	33,01
	1887	100193	45380	145573	51,62	17,11	31,69	34,51
	1900	109417	59599	169016	55,46	21,71	35,82	33,75
	1910	122196	85838	208034	62,02	30,03	43,08	32,00
	1920	149204	122936	272140	67,33	39,42	51,01	27,91
	1930	186443	164150	350593	75,64	50,46	61,31	25,18
Lugo	1860	71805	9913	81674	46,49	5,39	24,13	41,10
	1877	65815	12996	78701	44,94	7,56	24,72	37,39
	1887	82094	20654	102748	53,75	11,85	31,41	41,90
	1900	94637	40647	135284	58,02	21,70	38,60	36,32
	1910	103847	53463	157310	65,76	28,11	45,19	37,65
	1920	116191	77643	193834	71,53	39,63	54,09	31,90
	1930	134488	103013	237501	78,70	54,37	65,91	24,32
Ourense	1860	55560	6902	62546	41,43	4,51	21,78	36,92
	1877	56494	12420	68966	41,79	7,89	23,57	33,90
	1887	71387	21808	93195	51,63	13,58	31,19	38,04
	1900	74810	33813	108623	55,43	20,68	36,39	34,76
	1910	74040	57436	131476	53,09	33,74	42,45	19,35
	1920	84711	69872	154583	63,36	39,31	49,64	24,04
	1930	111150	90680	201830	74,69	51,03	61,82	23,65
Pontevedra	1860	75710	11926	87892	52,63	5,88	25,36	46,75
	1877	78786	26244	105177	56,09	12,79	30,43	43,30
	1887	78099	31653	109752	57,77	15,47	32,30	42,30
	1900	82435	46275	128710	60,78	22,23	37,44	38,55
	1910	96106	69143	165249	68,23	31,94	46,24	36,29
	1920	115780	104519	220299	70,94	43,76	54,79	27,17
	1930	141024	137918	278942	78,17	55,34	64,93	22,83
Galicia	1860	279798	48335	328319	45,38	6,16	23,44	39,22
	1877	286616	83908	370555	46,96	10,55	26,36	36,41
	1887	331773	119495	451268	53,49	14,85	31,67	38,64
	1900	361299	180334	541633	57,26	21,63	36,98	35,62
	1910	396189	265880	662069	62,37	30,82	44,20	31,55
	1920	465886	374970	840856	68,42	40,56	52,38	27,85
	1930	573105	495761	1068866	76,76	52,65	63,31	24,11
España	1860	2486755	969517	3455655	43,08	16,19	29,38	26,89
	1877	2771595	1437983	4209306	45,80	22,22	33,61	23,58
	1887	3218555	1841926	5060481	50,56	27,22	38,54	23,34
	1900	3666297	2440388	6106685	54,63	33,90	43,90	20,73
	1910	4195343	3147048	7342391	59,16	40,85	49,63	18,31
	1920	5067795	4186911	9254706	65,07	49,39	56,90	15,67
	1930	6526884	5612347	12139231	75,73	60,54	67,86	15,20

Fonte: Censos (Elaboración propia).

Cadro 2. Taxas de alfabetización da poboación adulta (%). Diferencial das taxas de alfabetización intersexual. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1930).

Entre 1900 e 1930 a rexión galega intensifica o seu proceso de alfabetización, acadándose neste último ano censal unha taxa de alfabetización neta total da orde do 63%, o que nos está indicando que a transición da alfabetización ou a súa universalización aínda non ten concluído. A partires de 1900 a rexión galega enderezou a súa tendencia da alfabetización e comezou a converxencia cos parámetros medios estatais. A persistencia dun pronunciado desequilibrio entre os niveis de alfabetización dos varóns e das mulleres continuou sendo un rasgo singularizado da transición galega en contraste co resto das rexións peninsulares.

Provincia	Periodos	T.Total	T.Var	T.Mull	Provincia	Periodos	T.Total	T.Var	T.Mull		
Coruña	1860-1877	0,93	0,51	2,61	Pontevedra	1860-1877	1,08	0,40	4,66		
	1877-1887	1,92	1,32	3,35		1877-1887	0,58	0,30	1,92		
	1887-1900	0,94	0,52	1,86		1887-1900	1,15	0,38	2,84		
	1900-1910	1,84	1,14	3,27		1900-1910	2,17	1,14	3,71		
	1910-1920	1,67	0,87	2,74		1910-1920	1,67	0,39	3,20		
	1920-1930	1,84	1,14	2,50		1920-1930	1,75	0,96	2,34		
	1860-1900	1,18	0,72	2,53		1860-1900	0,98	0,36	3,38		
	1900-1930	1,81	1,04	2,85		1900-1930	1,85	0,84	3,09		
	Lugo	1860-1877	0,12	-0,18		2,00	Galicia	1860-1877	0,67	0,17	3,21
		1877-1887	2,42	1,84		4,61		1877-1887	1,84	1,32	3,50
1887-1900		1,61	0,59	4,76	1887-1900	1,22		0,52	2,95		
1900-1910		1,58	1,23	2,66	1900-1910	1,84		0,87	3,57		
1910-1920		1,84	0,87	3,50	1910-1920	1,75		0,96	2,82		
1920-1930		2,01	0,96	3,20	1920-1930	1,92		1,14	2,66		
1860-1900		1,18	0,56	3,54	1860-1900	1,15		0,58	3,19		
1900-1930		1,80	1,02	3,11	1900-1930	1,81		0,98	3,01		
Ourense		1860-1877	0,45	0,06	3,35	España		1860-1877	0,77	0,34	3,20
		1877-1887	2,82	2,17	5,57			1877-1887	1,41	0,96	2,09
	1887-1900	1,22	0,52	3,27	1887-1900		1,01	0,59	1,73		
	1900-1910	1,58	-0,41	5,01	1900-1910		1,23	0,77	1,92		
	1910-1920	1,58	1,75	1,58	1910-1920		1,41	0,96	1,92		
	1920-1930	2,26	1,67	2,66	1920-1930		1,75	1,50	2,09		
	1860-1900	1,29	0,73	3,88	1860-1900		1,01	0,60	1,86		
	1900-1930	1,78	1,00	3,06	1900-1930		1,46	1,09	1,95		

Fonte: Censos (Elaboración propia)

Cadro 3. Taxas de crecemento da taxa de alfabetización da poboación adulta e de ámbolos dous sexos. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1930).

O intenso ritmo de crecemento do proceso galego, moi superior ó estatal, seguía sendo producto da vitalidade que mostraba a alfabetización feminina, anque perdeu impulso respecto ó século XIX, namentras que a alfabetización masculina se tiña acelerado. No primeiro tercio do século XX, as provincias atlánticas son as máis velozes, destacando Pontevedra, provincia que dentro do marco galego desenvolve a transición máis moderna cun descenso do diferencial sexual dende 1860, precipitándose a súa caída a partires de 1910, situándose dende fins do século XIX á cabeza nas taxas de alfabetización feminina. A perda de impulso da provincia ourensá está estreitamente relacionada coa súa incorporación ao fluxo emigratorio americano dende fins do século XIX, que impactou moi negativamente na acumulación masculina provocando unha decrecemento nos seus stocks no período intercensal de 1900-1910, e unha posterior desaceleración da acumulación feminina.




Gráfico 5. Diferencial intersexual da taxa de alfabetización. Provincias galegas, Galicia e España (1860-1930).

A modo de conclusión sinalamos que existen indicios de que a rexión galega dende mediados do século XVIII hasta a década de 1830/40 experimentou un aumento nos niveis de alfabetización masculinos. A mediados do século XIX comenza un ciclo de alfabetización moderno coa incorporación da muller á alfabetización instructiva, iniciándose a transición en sentido amplo, sendo un rasgo definitorio do proceso transicional galego a persistencia dunha pronunciada asimetría na dotación de capital humano en función do xénero poboacional. O deterioro da posición rexional no contexto estatal durante a segunda metade do século XIX acontece co aumento do peso da muller, en valores absolutos e relativos, na estrutura poboacional galega, e é precisamente o retraso feminino o que dilata o inicio da transición en sentido estrito hasta comezos do século XX.

3. A transición da alfabetización no marco cantábrico: Galicia, o espello do atraso económico.

O desenvolvemento do proceso de alfabetización non vai ser uniforme a nivel estatal, e o nivel medio exhibido pola poboación española entre 1860 e 1930 enmascara distintas realidades rexionais, con dinámicas alfabetizadoras diferenciadas, estreitamente vinculadas ó grao de atraso ou desenvolvemento económico de cada territorio, ás estruturas poboacionais e tipos de asentamento predominantes, á existencia de complexos movementos poboacionais internos e externos, á predisposición dos distintos grupos de presión cara á instrución, ó arraigamento do caciquismo, etc.

Cara a 1860 as rexións situadas na cornixa cantábrica coa excepción de Galicia exhibían unhas elevadas taxas de alfabetización con profundas asimetrías entre os niveis masculinos e femininos (40-50%), coa única excepción do País vasco, e todas elas, salvo a rexión galega consuman o seu proceso transicional no primeiro tercio do século XX. Entre 1860 e 1930, os niveis de alfabetización máis altos exhibíannos Cantabria, País Vasco, Asturias e a derradeira posición a detentaba Galicia.




Gráfico 6. Taxa de feminidade da poboación adulta. Rexións e España (1860-1930).

As dinámicas alfabetizadoras das catro rexións cantábricas presentan similitudes e diferencias nos ciclos intercensais. Cantabria e Asturias presentan unha traxectoria ascendente con ritmos de crecemento moi intensos entre 1877 e 1910, que lévanlles a consuma-la transición da alfabetización na primeira e terceira décadas do século XX, respectivamente.

O País Vasco foi a rexión con tendencia ascendente a un ritmo de crecemento máis constante, protagonizando un dos modelos de transición máis equilibrados dende a perspectiva da composición sexual da poboación, e menos tardíos por parte da alfabetización feminina.




Gráfico 7. Taxas de crecemento da taxa de alfabetización. Rexións e España (1860-1930).




Gráfico 8. Taxas de crecemento da taxa de alfabetización.

Rexións e España (1860-1930).

Rexión	Anos	Varóns	Mulleres	Total	T.Var.	T.Mull.	T.Total	Dif.T.
Galicia	1860	279798	48335	328319	45,38	6,16	23,44	39,22
	1877	286616	83908	370555	46,96	10,55	26,36	36,41
	1887	331773	119495	451268	53,49	14,85	31,67	38,64
	1900	361299	180334	541633	57,26	21,63	36,98	35,62
	1910	396189	265880	662069	62,37	30,82	44,20	31,55
	1920	465886	374970	840856	68,42	40,56	52,38	27,85
	1930	573105	495761	1068866	76,76	52,65	63,31	24,11
Asturias	1860	105555	39613	145207	59,48	17,36	35,80	42,12
	1877	119330	59235	178608	64,58	24,31	41,68	40,27
	1887	133802	79787	213589	70,08	32,31	48,78	37,77
	1900	152480	104762	257242	74,49	42,31	56,87	32,18
	1910	172980	159988	332968	81,63	60,13	69,67	21,50
	1920	188319	169754	358073	76,95	61,50	68,76	15,44
	1930	238674	242426	481100	88,31	75,92	81,60	12,39
Cantabria	1860	57390	26472	84120	77,84	29,87	51,81	47,98
	1877	63207	41481	104872	80,72	42,75	59,81	37,97
	1887	68303	51259	119562	85,17	51,94	66,83	33,23
	1900	76732	68591	145323	83,35	63,45	72,60	19,90
	1910	89054	98064	187118	91,94	85,12	88,24	6,82
	1920	101442	111184	212626	94,27	85,57	89,51	8,69
	1930	115376	122421	237797	93,42	85,22	89,01	8,20
P.Vasco	1860	84596	55750	140348	54,40	34,79	44,44	19,61
	1877	102844	78293	181132	60,64	45,63	53,09	15,01
	1887	121335	97966	219301	65,87	51,23	58,41	14,64
	1900	161777	136597	298374	73,83	61,16	67,43	12,68
	1910	189763	175815	365578	79,80	68,76	74,08	11,05
	1920	233065	224366	457431	83,53	75,67	79,48	7,87
	1930	292815	292435	585250	89,88	83,81	86,74	6,08
España	1860	2486755	969517	3456555	43,08	16,19	29,38	26,89
	1877	2771595	1437983	4209306	45,80	22,22	33,61	23,58
	1887	3218555	1841926	5060481	50,56	27,22	38,54	23,34
	1900	3666297	2440388	6106685	54,63	33,90	43,90	20,73
	1910	4195343	3147048	7342391	59,16	40,85	49,63	18,31
	1920	5067795	4186911	9254706	65,07	49,39	56,90	15,67
	1930	6526884	5612347	12139231	75,73	60,54	67,86	15,20

Fonte: Censos (Elaboración propia).

Cadro 4. Taxas de alfabetización da poboación adulta. Diferencial intersexual das taxas de alfabetización. Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco e España (1860-1930).

Galicia era a rexión do marco cantábrico con tendencia ascendente e con ritmos de crecemento máis intensos, dende 1877 a 1930, cos niveis de alfabetización máis baixos e a persistencia dun amplo diferencial da alfabetización intersexual ó longo de todo o período de estudo. O nivel de alfabetización neta total (63%) acadado pola rexión galega en 1930 tiña sido superado por Cantabria en 1887, polo País Vasco en 1900 e por Asturias en 1910.

Entre 1860 e 1900, tódalas rexións cantábricas, excepto Galicia, incrementaron as súas taxas de alfabetización máis de vinte puntos porcentuais, rexistrándose as maiores intensidades en Asturias e Galicia, seguidas polo País Vasco e Cantabria. As rexións máis avanzadas no proceso de alfabetización -Cantabria, País Vasco- tiveron ritmos de crecemento máis intensos na segunda metade do século XIX que no primeiro tercio do século XX, o cal era indicativo duns procesos de alfabetización menos serodios e máis dilatados no tempo próximos a acadar-la universalización da alfabetización.

A rexión galega deteriora a súa posición respecto ás rexións colindantes durante a segunda metade do século XIX, acrecentando a súa distancia en termos de alfabetización. En 1900 os diferenciais interrexionais de Galicia terían medrado con Cantabria (35,62%), o País Vasco (30,45%) e Asturias (20%).

A mediados do século XIX, o nivel de alfabetización neta total da poboación galega estaba en consonancia cunha economía dun baixo grao de división do traballo e de especialización. Dende mediados do século XVIII e ata os anos de 1830/40, o crecemento da poboación sustentábase no aumento do productividade agrícola, coa adopción e difusión de dous cultivos intensivos en traballo, o millo e a pataca. A agricultura de escaso compoñente extravertido era auxiliada polo recurso a distintas actividades complementarias, destacando pola súa articulación mercantil e a súa amplitude de mercado o téxtil lenceiro, o curtido, a salgazón e a emigración temporal, ben estacional a curto prazo, cara ós mercados de Castela, Andalucía e Portugal (Carmona Badía, 1990). A estreitez do mercado galego evidenciábase no baixo nivel de urbanización, onde soamente tres cidades superaban os 10.000 habitantes: Coruña, Ferrol e Santiago.

Durante a segunda metade do século XIX, o estancamento ou descenso da productividade agrícola, a desarticulación do téxtil lenceiro, a marxinalización do curtido, a ausencia da rexión no primeiro impulso industrial, o parsimonioso avance da urbanización, e o deterioro do mercado rexional, constataban a profundización do atraso económico galego. As taxas de alfabetización da poboación galega que non acadaban o 40% ratificaban o lento proceso de cambio e modernización da economía e sociedade galega.

Dentro do marco cantábrico, Galicia foi a rexión máis atrasada tomando como referencia calquer parámetro de desenvolvemento económico. Os niveis de industrialización rexionais ubican a Galicia na penúltima posición de tódalas rexións españolas. Exceptuando a Cataluña, cun nivel de industrialización que triplicaba a media española, e tendo en conta que non dispoñemos das estimacións do País Vasco, a segunda posición correspondíalle a Cantabria (1,21), e Asturias (0,79) cun nivel inferior á media española, pero moi por enriba de Galicia (0,28), ocupaba a sexta posición (Nadal, 1987). Entre 1878/79 e 1907, tódalas provincias norteñas, a pesares de non dispoñer dos datos das provincias vascas, atopábanse entre as provincias españolas con maior nivel de industrialización (Barrón García, 1992).

Cara a fins do século XIX, Galicia, Asturias e Cantabria consolidaron as súas tendencias na especialización gandeira para o mercado español. Os niveis de especialización diferenciados nas rexións cantábricas eran produto das condicións internas de produción de cada rexión e da repercusión da conxuntura de crise no conxunto do sistema agrario da cornixa cantábrica. Neste marco, os diferentes niveis de alfabetización das rexións gandeiras cantábricas tiñan unha correlación positiva cos niveis de especialización, o cal era indicativo dunha maior capacidade de absorción e adaptación ás innovacións no sistema productivo, anque a estas alturas de século se requería dun factor humano máis formado e capacitado no coñecemento científico. Dende mediados do século XIX, Cantabria profundizou na vía de especialización láctea destinando en 1865 máis do 60% da cabana a “reproducción e granxería” e introducindo exemplares vacúns de razas alóctonas (Carmona Badía e de la Puente, 1988), (Barrón García, 1992), (Domínguez Martín, 1996).

O acceso do campesiño gallego á propiedade plena constitúe un feito irreversible nesta conxuntura finisecular, convertíndose no compoñente prioritario de capitalización do exíguo aforro campesiño. O aumento continuo da fiscalidade incidía negativamente na economía campesiña que nalgúns municipios excediu con creces o 30% do produto agrario en 1880 (Villares Paz, 1982: 213-214). Os efectos da extensión da escolarización poderían ter no aumento da alfabetización iban a depender dos recursos facendísticos destinados á dotación escolar, e no caso de Galicia, o sólido arraigamento do caciquismo contribuía de cotío a inculcar socialmente e imputar economicamente o incremento dos impostos á creación de escolas. Nesta crítica conxuntura, moitos pobos e vilas afectados pola breve crise da exportación gandeira opuxéronse ó sostenemento de escolas primarias e a incrementar os gastos municipais en ensino primario, e no mellor dos casos, reduxeron custos solicitando rebaixala categoría das escolas (Gabriel, 1990: 103-111). En contraste co campesiño galego, seguindo a Barrón García, o campesiñado montañés soporou a elevada presión fiscal (Barrón García, 1992: 327-328).

O elevado índice de analfabetismo da poboación galega a fins do século XIX era un compoñente máis das limitacións estruturais da agricultura e gandería galega, convertíndose nun importante freno á incorporación e adaptación de innovacións técnicas e organizativas. O analfabetismo está asociado coa inercia nos métodos productivos, anque non coa incapacidade para adoptar algunhas innovacións como novas variedades de colleitas, sempre e cando a difusión das innovacións poida ser realizada por institucións organizativas tradicionais como a comunidade aldeá ou a aparición de novas formas organizativas como o movemento cooperativista. O baixo índice de alfabetización da poboación galega foi un obstáculo adicional que estivo estreitamente ligado tanto ós requirimentos de capital por parte da economía campesiña como á alternativa de desenvolvemento económico que a sociedade elixeu.

A articulación do territorio rexional e o desenvolvemento das vías de comunicación están directamente relacionadas co avance da alfabetización. Dentro do marco cantábrico, a rexión galega foi a peor dotada en infraestruturas de transporte e a que se incorporou máis serodiamente á rede ferroviaria. O 55% da rede ferroviaria de vía ancha púxose en funcionamento entre 1873 e 1886, coa apertura sucesiva de diferentes liñas e ampliacións de tramos: Santiago-Carril (1873)-Pontevedra (1886); Lugo-A Coruña (1875); Vigo-Ourense (1881); Coruña-Ponferrada (1883). O ferrocarril de vía estreita comenzou coa apertura dun único tramo hasta os anos de 1960, o de Vilaodriz-Ribadeo, compartido con Asturias (Carmona Badía, 1974).

O cambio económico requiría non soamente superar estrangulamentos nos procesos productivos senón tamén cambios de mentalidade e nos estilos de vida, para adaptarse ós novos conceptos máis sistemáticos e regulares de tempo e distancia. A expansión das redes de comunicación terrestres, sobre todo o ferrocarril e os tranvías, xeneraban unha demanda de alfabetización e en ditas ocupacións utilizábanse de forma regular as instrucións escritas e os horarios (Graff, 1987a: 328-330). A industrialización e a urbanización rompían paulatinamente coa temporalidade estacional e coa xornada mediatizada polo día e a noite, incidindo na configuración dun novo concepto de tempo continuo e regular, que se converteu nun factor esencial da produtividade do traballo.

A baixa taxa de alfabetización neta da poboación galega (1900/10: 37%-45%) corresponde cunha economía escasamente integrada, un territorio invertebrado intrarexionalmente cunha insuficiente dotación de redes de comunicacións co interior da península, e cas rexións próximas a seu ámbito xeográfico. O resto das rexións cantábricas tiñan uns niveis de alfabetización entre o 70-80% en 1900 /10. En 1910, as provincias cantábricas xunto con Madrid e Barcelona superaban con creces a media estatal (31,7 metros) de vía férrea por Km².: Vizcaya (145), Guipúzcoa (135,76), Santander (71,67).

Cantabria en 1910 sobrepasaba o 80% de alfabetización neta, a articulación territorial materializabase na dispoñibilidade de máis de 390 Km. de vías férreas, con 12 ferrocarrís de servizo particular vinculadas ás compañías mineiras (66,6 Km.) e 8 apartadoiros industriais (6,6 Km.), e cunha rede de estradas estatais superior ós 900 Km. A acción estatal no desenvolvemento de vías de comunicación favoreceu a distribución do gasto total per cápita en obras públicas na cornixa cantábrica: Cantabria (225 ptas/habitante) e Asturias (260 ptas/habitante), fronte a Galicia (119 ptas/habitante) (Barrón García, 1992: 100-108).

En definitiva, temos posto de releve a existencia dunha alta correlación entre a alfabetización e o nivel de desenvolvemento das economías rexionais. O distanciamento da rexión galega durante a segunda metade do século XIX respecto ás rexións cantábricas, ven a redundar na profundización do seu atraso económico nesta época. A diferenza do resto das rexións noroesteñas, os factores máis retardatarios da alfabetización como a dispersión do hábitat e o illamento e a elevada ruralización da poboación tiveron un maior peso en Galicia que nas rexións do seu entorno. Tamén tiveron un maior peso en Galicia que no resto do Cantábrico a tradición emigratoria e a difusión da mobilidade xeográfica de galegos maioritariamente alfabetizados cara ós mercados de traballo urbanos das expansivas economías americanas e peninsulares (Vázquez, 2000 e 2002) o que converteu á emigración galega no compoñente máis dinámico da demanda de alfabetización no predominante mundo rural galego.

Conclusiones.

A transición da alfabetización na rexión galega comezou pouco antes de 1860, ano censal que reflexa o baixo nivel de alfabetización neta total, pero coa existencia dunha amplo diferencial sexual. A acumulación previa a 1860 respondía a un crecemento da alfabetización de tipo tradicional, protagonizado pola poboación masculina, pero que xa tería traspasado a fronteira do mundo rural. Na Galicia do Antigo Réxime, os indicios que nos proporcionan os estudos dos niveis de sinaturas xunto coa dinámica de creación das fundacións escolares e a dinámica da masa escolar primaria previa a 1860, apuntan cara un crecemento da alfa-

betización durante o século XVIII, cunha fase expansiva que arrancaríase en torno a mediados de século e que acadaría o seu máximo auge dende os anos oitenta do setecentos, perdendo impulso a medida que nos aproximamos ós anos 1820/30.

A distribución dos niveis de alfabetización a nivel estatal ubicaban ás rexións cantábricas entre as de maiores taxas de alfabetización da península, coa única excepción de Galicia, que a súa vez compartía con ditas rexións un desenvolvemento moi asimétrico entre os varóns e as mulleres, excepto a paradigmática alfabetización do País Vasco.

Durante a segunda metade do século XIX, o insuficiente avance da alfabetización galega, fai que a rexión se distancie do seu entorno cantábrico en termos de alfabetización, persistindo o seu desequilibrio entre os niveis masculinos e femininos como rasgo dun desenvolvemento de marcado carácter tradicional e selectivo. A pesares do peso da muller nas estruturas demográficas das distintas rexións, a ausencia de alternativas económicas ás tradicionais no caso de Galicia e a consolidación e difusión do fluxo emigratorio americano de marcado carácter individual, masculino e definitivo, ralentizaron a acumulación masculina, agudizaron o carácter selectivo da demanda de alfabetización por parte da unidade familiar galega, e ó mesmo tempo e de forma gradual erosionaron a indiferencia da sociedade rural cara a a instrución.

A transición da alfabetización en sentido estricto retrasouse en Galicia hasta a primeira década do século XX, e a intensidade que manifestou o proceso de alfabetización durante o primeiro tercio do século XX non lle posibilitou aínda acadar as rexións do seu entorno inmediato, así a taxa de alfabetización neta superior ó 60% que amosaba Galicia en 1930, tería sido acadada por Cantabria en 1887, polo País Vasco en 1900, e por Asturias en 1910.

Bibliografía.

- ANDERSON, C. A. y BOWMAN, M. J. (1976a): "Education and economic modernization in historical perspective", L. Stone (ed): *Schooling and society. Studies in the History of Education*, Baltimore, 3-19.
- BOWMAN, M.J. (1972): "Revolución en el pensamiento económico a causa del concepto de inversión humana", en M. Blaug: *Economía de la educación*, Alianza, Madrid, 113-114.
- BARRÓN GARCÍA, J. I. (1992): *La economía de Cantabria en la etapa de la Restauración, 1875-1908*, Librería Estudio Santander, Santander.
- BECKER, G. (1983): *El capital humano*, versión española de M. Casares y J. Vergara, Alianza, Madrid.
- BENASSAR, B. y otros (1985): *Orígenes del atraso económico español. Siglos XVI-XIX*, Ariel, Barcelona.
- BOTREL, J.F. (1987): "L'aptitude à communiquer: alphabétisation et escolarisation en Espagne de 1860 a 1920", en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne*, Toulouse.
- BRAGALUT, J. (1959): "El analfabetismo en España", en *Revista Calasancia*, 18, 131-152.
- CARMONA BADÍA, X. (1974): "El Ferrocarril. El ferrocarril en Galicia", *Gran Enciclopedia Gallega*, 167-174.

- CARMONA BADÍA, X. y PUENTE, Leonor de la (1988): "Crisis agraria y vías de evolución ganadera en Galicia y en Cantabria", en R. Garrabou (ed): *La crisis agraria de fines del siglo XIX*, Barcelona, 181-211.
- CARMONA BADÍA, J. (1990): *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1700-1900)*, Ariel, Barcelona.
- CIPOLLA, C. M. (1970): *Educación y Desarrollo en Occidente*, Ariel, Barcelona, 1970.
- DOMÈNECH, P. P. (1999): *Comentario a las ponencias de Jordi Nadal y de Clara Eugenia Núñez sobre "La escasez de capital social fijo y de capital humano. (m.s.)*.
- DOMÍNGUEZ MARTÍN, R. (1996): "La evolución de la comunidad campesina en Cantabria (1750-1950)", en *I Encuentro de historia de Cantabria*, T. II, 891-918.
- FERNÁNDEZ FERRÉ, R. (1954): "Analfabetismo y nivel de vida", *Revista Española de Pedagogía*, 47, 329-336.
- FURET, F. y OZOUF, J. (1977): *Lire et écrire. L'alphabétisation des françaises de Calvin à Jules Ferry*, 2 vols. Paris.
- GABRIEL FERNÁNDEZ, N. de (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Eds. do Castro, Sada, A Coruña.
- GELABERT, J. (1982): "Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)", en *Instruction, lecture et écriture en Espagne (XVIème-XIXème siècles)*, 45-71.
- (1987): "Niveaux d'alphabétisation en Galice (1635-1900)", en *De l'alphabétisation aux circuits du livre en Espagne, XVIe-XIXe siècles*, Paris.
- GRAFF, H. (1979): *The literacy myth. Literacy and social structure in the nineteenth-century city*, Academic Press. New York.
- (1981): *Literacy and social development in the west: A reader*, Cambridge University Press, New York.
- (1987a): *The legacies of literacy. Continuities and contradictions in western culture and society*, Indiana Univ. Press, Bloomington.
- (1987b): *The labyrinths of literacy. Reflections on literacy past and present*, London.
- GUZMÁN REINA; GIL CARRETERO, S.; RODRÍGUEZ GARRIDO, F.; CERROLAZA ASENJO, A. (1955): *Causas y remedios del analfabetismo en España*, Madrid.
- JOHANSSON, E. (1973): "Literacy studies in Sweden: some examples", en JOHANSSON (ed): *Literacy and society in a historical perspective*, University of Umea, 33-66.
- (1977): "The History of Literacy in Sweden, in Comparison with Some Other Countries", *Educational Report*, 12, 50-72.
- (1981): "The History of Literacy in Sweden", en Graff (ed): *Literacy and Social Development in the West: A Reader*, Nueva York, 151-182.
- LUZURIAGA, L. (1926): *El analfabetismo en España*, 2ª edición, Madrid.
- MAÍLLO, A. (1956): "Causas del analfabetismo", *Revista de Educación*, 18, 11-16.
- MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, B. (2000): *El capital humano en Galicia (1860-1930): Alfabetización y crecimiento económico*, en: *Tesis Doctorales 2000. Humanidades y Ciencias Sociales*. Santiago de Compostela: Servicio de

- Publicaciones e Intercambio Científico, Universidad de Santiago de Compostela.
- NADAL, J. (1987): "La industria fabril española en 1900. Una aproximación". en J. Nadal, A. Carreras, C. Sudriá (compiladores): *La economía española en el siglo XX. Una perspectiva histórica*, Barcelona, 23-61.
- (1999): *La formación de capital humano en la primera industrialización. Alfabetización extensa o formación técnica*, (m.s.).
- NÚÑEZ, CI. E. (1992): *La fuente de la riqueza. Educación y desarrollo económico en la España contemporánea*, Madrid.
- NÚÑEZ, CI. E. y TORTELLA, G. (eds.) (1993): *La maldición divina. Ignorancia y atraso económico en perspectiva histórica*, Alianza Universidad, Madrid.
- PALAFIX, J. (1997): "Capital humano e Historia Económica", *Papeles de Economía Española*, 73, pp. 262-267.
- PÉREZ MOREDA, V. (1997): "El proceso de alfabetización y la formación de capital humano en España", *Papeles de Economía Española*, 73, pp. 245-246.
- REHER, D. (1989): "Alfabetización y escolarización en España a finales del siglo XIX; Claves para un debate", *IV Congreso de la Asociación de Historia Económica. Actas, 1*, Asociación de Historia Económica, Alicante, Dic, 631-641.
- (1997): "La teoría del capital humano y las realidades de la Historia", *Papeles de Economía Española*, pp. 254-261.
- REHER, D. S.; POMBO, N.; NOGUERAS, B. (1993): *España a la luz del censo de 1887*, Madrid.
- REY CASTELAO, O. (1999): *Niveles de alfabetización en la Galicia de fines del Antiguo Régimen*, (m.s.).
- ROSÉS, J. R. (1998): "Measuring the contribution of human capital to the development of the Catalan factory system (1830-1861)", *European Review of Economic History*, 2, pp. 25-48.
- RUIZ BERRIO, J. (1986): "Reformas de la enseñanza primaria en la España del despotismo ilustrado", en *L'Enseignement primaire en Espagne et Amérique Latine du XVIIIe siècle a nos jours. Politiques éducatives et réalités scolaires*, 3-17.
- SANDBERG, L. G. (1979): "(1982): "Ignorance, Poverty and Economic Backwardness in the Early Stages of European Industrialization: Variations on Alexander Gerschenkron's Grand Theme", en *The Journal of European Economic History*, vol. II, 3, 675-696.
- SANZ GONZÁLEZ, M.(1992): "Alfabetización y escolarización en Galicia a fines del Antiguo Régimen", *Obradoiro de Historia Moderna*, pp. 229-249, Santiago.
- SCHULTZ T. W. Schultz (1961): "Investment in human capital", *American Economic Review*, vol. 51, pp. 1-17. También puede consultarse del mismo autor "Inversión en Capital humano" en M. Blaug (ed.), (1972): *Economía de la educación*, Madrid, pp. 15-32.
- TORTELLA CASARES, G. (ed.) (1990): *Education and economic development since the industrial revolution*, Generalitat valenciana. Valencia.
- VÁZQUEZ GONZÁLEZ, Alejandro (2000): *La emigración gallega a América, 1830-1930*, en: *Tesis Doctorales 2000. Humanidades y Ciencias Sociales*. Santiago de

- Compostela: Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico, Universidad de Santiago de Compostela.
- (2002): “La alfabetización de los emigrantes gallegos a América (1850-1960): Luces y sombras”, *Revista Sarmiento*, nº6.
- VILLARES PAZ, R., (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia (1500-1936)*, Siglo XXI, Madrid.
- VIÑAO FRAGO, A. (1984a): “Fuentes estadísticas de ámbito nacional-estatal para el estudio de la escolarización en el nivel elemental (1750-1832)”, en *Escolarización y sociedad en la España contemporánea (1808-1970)*, Murcia, 881-892.
- (1984b): “Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiográfica”, en *Historia de la Educación*, 3, 151-189.
- (1985): “Del analfabetismo a la alfabetización. Análisis de una mutación antropológica e historiográfica (II)”, *Historia de la Educación*, 4, 209-226.
- (1988): “Alfabetización e Ilustración: Difusión y usos de la cultura escrita”, en *Revista de Educación*, nº extraordinario. 277-289.
- (1990): “Historia de un largo proceso”, en *Cuadernos de Pedagogía*, 179, 45-50.
- ZAMAGNI, V. (1978): “Istruzione e sviluppo economico. Il caso italiano, 1861-1913”, en G. Toniolo: *L'economia italiana 1861-1940*, Roma, Laterza, 137-178.
- (1993): “Instrucción y desarrollo económico en Italia, 1861-1913” en NÚÑEZ, C. E. y TORTELLA, G. (eds.) (1993): *La maldición divina. Ignorancia y atraso económico en perspectiva histórica*, Alianza Universidad, Madrid, 181-222.